

ANUNCIO

Proceso selectivo en quenda de promoción interna de 2 prazas de conserxe da OEP 2021: resultados definitivos do primeiro exercicio da fase de oposición (cuestionario tipo test) e convocatoria do segundo exercicio (proba práctica).

En data 20.03.2023 publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais o anuncio dos acordos adoptados na sesión do 17.03.2023, polo tribunal nomeado mediante resolución da Alcaldía núm. 93/2023, para xulgar o proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna horizontal e mediante persoal funcionario de carreira, de dúas prazas de conserxe, incluídas na OEP do ano 2021.

Este anuncio contiña os acordos do tribunal en relación cos resultados provisionais da primeira proba da fase de oposición (cuestionario tipo test), que se reproducen deseguido:

«Unha vez efectuada a corrección das follas de respostas do exame, nas que o único dato identificador é o código aleatorio, o tribunal adopta os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Aprobar os resultados da corrección das follas de respostas do exame, co seguinte detalle:

Código aleatorio do exame	Acertos	Fallos	En branco	Núm. preguntas que se restan:	Total respostas correctas (descontadas as incorrectas)	Preguntas de reserva			Puntuación (respostas correctas*0,50 - resto de respostas incorrectas*0,166)
						Acertos	Fallos	En branco	
dyW1K6tPEi	10	8	2	2	8	2	1	0	$(8*0,50 - 2*0,166) = 3,67$
ZeNAoTpc5w	12	6	2	2	10	2	1	0	$(10*0,50 - 0*0,166) = 5$

SEGUNDO. Aprobar a seguinte relación provisional dos resultados do exame, unha vez aberto o sobre que contén os datos das persoas aspirantes:

Código aleatorio do exame	Acertos	Fallos	En branco	Núm. preguntas que se restan:	Total respostas correctas (descontadas as incorrectas)	Preguntas de reserva			Puntuación	Nº REXISTRO DNI
						Acertos	Fallos	En branco		
dyW1K6tPEi	10	8	2	2	8	2	1	0	$(8*0,50 - 2*0,166) = 3,67$	2022/3837

										***3931**
ZeNAoTpc5w	12	6	2	2	10	2	1	0	10*0,50 =5	2022/2536 ***0696**

*TERCEIRO. Declarar que superou a primeira proba da fase de oposición o aspirante con código aleatorio ZeNAoTpc5w e DNI número ***0696**.*

CUARTO. Outorgar un prazo de cinco (5) días hábiles ás persoas aspirantes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio, para presentar alegacións ou reclamacións fronte ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios e páxina web municipais.

QUINTO. Habilitar á secretaria do tribunal para convocar a segunda proba da fase de oposición, previsiblemente na primeira quincena do mes de abril, mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios.

SEXTO. Ordenar a publicación dos anteditos acordos e do cadro de respostas no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.»

Unha vez transcorrido o prazo outorgado ás persoas aspirantes para a presentación de alegacións ou reclamacións fronte dos ditos resultados e á vista de que non se presentaron nin unhas nin outras, a secretaria do tribunal, consonte ao acordos adoptados por este, comunica:

PRIMEIRO: Quedan elevados a definitivos os acordos do tribunal do 17.03.2023 transcritos e, na súa virtude, declárase que superou a primeira proba da fase de oposición o aspirante con código aleatorio ZeNAoTpc5w e DNI número ***0696**.

SEGUNDO: Convócase ao dito aspirante para a realización do segundo exercicio da fase de oposición (proba práctica), que terá lugar o **mércores, día 5 de abril de 2023, ás 11:30 h na casa consistorial de Fene.**

TERCEIRO: Convocar ao tribunal de selección para o mesmo día e lugar, ás 10:00 h, co obxecto de determinar o contido da proba, así como para fixar os criterios para a súa avaliación/corrección/puntuación, consonte ao establecido nas bases específicas da convocatoria.

En Fene, asinado dixitalmente o 30 de marzo de 2023 pola secretaria do tribunal, M. Sandra Pouso Fustes.